

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede á resolución do proceso selectivo, ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, convocado pola Resolución do 18 de abril de 2022.

O artigo 35 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (*Diario Oficial de Galicia* núm. 251, do 31 de decembro), tendo en conta as dificultades excepcionais relacionadas coa escaseza de profesionais médicos de familia, incorpora a creación da nova categoría estatutaria de facultativo/a especialista de atención primaria. En atención ao carácter extraordinario da situación, o número 3 dese artigo 35 dispón que neste ano 2022 se tramite un proceso selectivo, polo sistema de concurso, para acceder á condición de persoal fixo da nova categoría.

Celebrado o acto de elección de destino convocado por Resolución do 7 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 239, do 19 de decembro), resultaron adxudicadas as prazas ofertadas.

A base décima da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de abril de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 27 de abril), establece que, unha vez adxudicados os destinos, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino daqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro da antedita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a relación actualizada de aspirantes definitivamente seleccionados/as no proceso selectivo e nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde na



categoría de facultativo/a especialista de atención primaria os/as aspirantes que se inclúen no anexo desta resolución.

Adxudicarlles con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo e declarar finalizado para ditos/as aspirantes o concurso-oposición para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de abril de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 27 de abril).

Segundo. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a non incorporación ao servizo activo no destino adxudicado e no prazo establecido, sen causa xustificada, sobrevida á solicitude de participación no concurso, ou de forza maior, impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso.

Neste suposto, o órgano convocante chamará novos/as aspirantes, que teñan solicitado o/os destino/s nos que non se teña producido a incorporación ao servizo activo, no número que corresponda e pola orde de prelación da lista definitiva, que, de ser o caso, serán seleccionados/as e nomeados/as persoal estatutario fixo da categoría.

Terceiro. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente validada.



Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Definitivamente seleccionados, nomeamento e adjudicación de destino

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Servizo de AP	Centro	PAC de referencia	Quenda
***2361**	Álvarez Calleja, María	A.S. de Vigo	Ponteareas	Ponteareas	Ponteareas-Vigo	Tarde
***4629**	Arita Aguilar, Carlos Antonio	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Vilagarcía de Arousa	San Roque	Vilagarcía-Caldas de Reis	Tarde
***8478**	Carabajo Gambarrotti, Evelyn Johanna	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Viveiro	Viveiro	Viveiro-Ribadeo	Tarde
***2129**	Diéguez Varela, Cristina	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Viveiro	Viveiro	Viveiro-Ribadeo	Tarde
***1845**	Diez Díaz, Daniel	A.S. de Vigo	Moaña	Moaña	Cangas-Moaña-Redondela	Tarde
***7968**	Fariña González, Hadrián	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Barco de Valdeorras	O Barco-Valdeorras	O Barco-Valdeorras	Desprazable
***5405**	Fernández Leizán, Lucía María	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Vilalba	Xermade	Lugo-Guitiriz	Mañá
***2181**	Freire Nivela, Karla Judith	A.S. de Pontevedra e O Salnés	O Grove	O Grove	O Grove	Mañá
***5816**	Gómez Villares, Lorena	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	Foz	Ribadeo-Burela	Tarde
***9999**	Hernández Ramos, María del Rocío	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Cambados	Cambados	Cambados-O Grove	Desprazable
***5673**	Lorenzo Díaz, Noelia	A.S. da Coruña e Cee	Ponteceso	Laxe	Ponteceso-Cee	Mañá
***5912**	Mariño-Ageitos Monteagudo, Salvador	A.S. de Vigo	Moaña	Moaña	Cangas-Moaña-Redondela	Tarde
***4264**	Martínez Canel, Clara	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	San Cibrao	Viveiro-Burela	Mañá
***9905**	Menéndez Rodríguez, Martín	A.S. de Vigo	A Guarda	A Guarda	A Guarda-Valmiñor	Desprazable
***7716**	Nieto Toscano, Ángela	A.S. de Vigo	Cangas	Cangas	Cangas-Moaña-Redondela	Tarde
***5949**	Sánchez Maseda, Natalia	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	Burela	Burela	Tarde
***7229**	Sánchez Pou, Minerva Margarita	A.S. de Vigo	Redondela	Redondela-Pazos de Borbén-Fornelos	Cangas-Moaña-Redondela	Mañá
***5431**	Severino Mercedes, Melquiades	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo-A Milagrosa	A Milagrosa	Lugo-Palas de Rei	Desprazable
***4588**	Villar Zamora, Guillermo	A.S. de Vigo	A Guarda	O Rosal	A Guarda-Valmiñor	Mañá

